

CARREIRA	DATA	HORAS	PROBA
1ª CARREIRA	SÁBADO 18 XANEIRO 2020	18:00 H	NOCTURNA RAMON FERREIRO
2ª CARREIRA	DOMINGO 16 FEBREIRO 2020	12:00 H	ESTRADA DO RIO RATO
3ª CARREIRA	DOMINGO 15 MARZO 2020	12:00 H	CENTRO COMERCIAL AS TERMAS
4ª CARREIRA	DOMINGO 19 ABRIL 2020	12:00 h	CCNOS NO RURAL
5ª CARREIRA	SÁBADO 23 MAIO 2020	17:00 H	CORRE CON NÓS MURAMIÑAE
6ª CARREIRA	DOMINGO 14 XUÑO 2020	12:00 H	FINAL CIRCUITO CORRE CON NÓS LIFE

CATEGORÍAS E DISTANCIAS

1ª PROBA (ata 500 mt.)

- CATG. MINI (cumplen 5 a 7 anos no 2020)----- SEN CHIP

2ª PROBA (entre 500 mt. e 1.000 mt.)

- CATG. SUB 10(cumplen 8-9 anos no 2020)
- CATG. SUB 12(cumplen 10-11 anos no 2020)

3ª PROBA (entre 1.000 mt. e 2500 mt)

- CATG. SUB 14(cumplen 12-13 anos no 2020)
- CATG. SUB 16(cumplen 14-15 anos no 2020)

4ª PROBA (entre 3.000 mt. e 6.000 mt.)

- SUB 18 (cumplen 16 e 17 anos no 2020)
- SUB 23 (cumplen entre 18 e 22 anos no 2020)
- SENIOR (cumplen 24 a 29 anos no 2020)
- VETERÁN/A +30 (cumplen 30 a 34 anos no 2020)
- VETERÁN/A +35 (cumplen 35 a 39 anos no 2020)
- VETERÁN/A +40 (cumplen 40 a 44 anos no 2020)
- VETERÁN/A +45 (cumplen 45 a 49 anos no 2020)
- VETERÁN/A +50 (cumplen 50 a 54 anos no 2020)
- VETERÁN/A +55 (cumplen 55 a 59 anos no 2020)
- VETERÁN/A +60 (cumplen 60 a 64 anos no 2020)
- VETERÁN/A +65 (cumplen 65 a 69 anos no 2020)
- VETERAN/A +70 (cumplen 70 en diante no 2020)

INSCRICIÓNS PARA O CIRCUÍTO

- Inscricións para a primeira proba **ata o Domingo 12 de Xaneiro de 2020 ás 23:59 h.**
- Despois da primeira proba do circuito, poderanse inscribir tod@s aqueles/as que non o fixeran ata as 23:59 h do Martes da semana correspondente á celebración de cada carreira.
 - Esta data poderá ser modificada previamente pola Organización sendo anunciado previamente.
 - As inscricións faranse na páxina oficial do circuito www.correconnos.com

Tod@s @s menores de idade deberan de inscribirse co consentimento expreso do pai/nai ou titor legal.

**RECOLLIDA DE DORSAIS
E CHIPS ATLETAS INSCRIT@S**

PARA A PRIMEIRA PROBA NOCTURNA (recollida inicial do Circuito)



Xoves 16 / Venres 17/ Sábado 18 de Xaneiro en horario de apertura comercial en INTERSPORT LUGO (Edificio Pimentel en rúa Bispo Aguirre 3)

Para o resto de probas poderanse recoller os dorsais para a primeira proba do/a inscrito/a en:



Xoves (tarde) / Venres (mañá e tarde) / Sábado (mañá) da semana da carreira en horario de apertura comercial en INTERSPORT LUGO (Edificio Pimentel en rúa Bispo Aguirre 3)

SALVO NA PRIMEIRA PROBA DO 18 DE XANEIRO, NON SE ENTREGARÁN DORSAIS O MESMO DIA DAS CARREIRAS POR CUESTIÓNS ORGANIZATIVAS.

* Se non tes CHIP AMARELO doutros anos, e o adquirirche por internet, deberás de recollelo co teu dorsal.

OBRIGATORIEDADE DE
PORTAR O CHIP
E O DORSAL EN CADA PROBA

- Hai un **ÚNICO dorsal para todo o circuío** que se recollerá unicamente na primeira proba do mesmo na que se participe, **E OBRIGATORIO LEVAR O DORSAL EN TODAS AS PROBAS**, e non alterar nin manipular o mesmo tapando ou ocultando parte da publicidade impresa, podendo no caso contrario a Organización descualificar ao/á corredor/a.
- Para participar neste circuío é OBRIGATORIO portar en cada carreira o chip amarelo de Championchip para poder saír nas clasificacións (se non o tes poderalo *adquirir ou facer a túa inscrición no circuío na páxina de www.correconnos.com*) e tamén portar o dorsal claramente colocado na parte frontal da camiseta.
- O atleta que non porte o chip non poderá entrar na clasificación da proba e non lle contará de ningún xeito para a clasificación final do circuío.
- O atleta que non porte o dorsal, non terá dereito ó avituallamento final de carreira e deberá desviarse do embudo final o rematar a súa carreira pois non poderá ser identificado pola organización como participante do circuío Larsa Corre con Nós, podendo chegar a ser descualificado se así o estima a organización de carreira por non cumprir o regulamento.
- Os CHIPS son persoais e intransferibles polo que a suplantación da personalidade dos atletas, sancionárase coa expulsión do circuío do portador e do/a atleta que foi suplantado/a , anulando todos os dereitos adquiridos coa inscrición no circuío.
- No caso de Perda do Chip, o/a atleta poderá mercar outro a través da páxina de Championchip o mesmo prezo de 20 € adultos / 5€ menores (aluguer).
- **No caso de Perda ou Rotura de Dorsal, poderá solicitar un segundo dorsal dentro dos prazos para novas inscricións indicadas para cada proba na páxina do CCNOS**

USO DO CHIP POLAS CATEGORIAS MENORES

MINI - SUB10 - SUB12 - SUB14 - SUB16

XX CIRCUITO LARSA CENÓS 2020

Todas as categorías. exceptuando a MINI terán que levar un CHIP Championship VERDE que alugarán no momento da inscrición, salvo que sexan propietarios de chip amarelo, ou o merquen no proceso de inscrición.

Deberán de aboar unha **FIANZA RESPONSABLE** de 5 € no momento da inscrición por internet.

Na derradeira proba do circuito (Frigsa) deberá de devolverse o Chip Verde, unha vez finalice a mesma e feita a comprobación por parte de ChampionshipNorte posteriormente a partires do 30 de xuño de 2020 seranlle devoltos os 5 € da fianza que aportou polo mesmo sistema polo que os pagou a todos/as os participantes que o entregaron dentro dese prazo.

A perda do chip conlevará á perda da fianza e o/a atleta terá que voltar a alugar un novo chip por internet na páxina web do circuito.

Os chips recolleranse xunto co dorsal antes da primeira proba que o/a atleta vaia a disputar e seguindo os prazos marcados pola organización

**LIGAS E CLASIFICACIÓNS
XX CIRCUÍTO LARSA CCNÓS**

**CLASIFICACIÓNS INDIVIDUAIS DE MENORES
XX CIRCUITO LARSA CCNÓS 2020**

Esta é a clasificación por CATEGORÍAS DE MENORES en cada unha das 6 probas.

▪ Categorias ***SUB10-SUB12-SUB14-SUB16***

▪ **Entrega de trofeos ó final de cada unha das probas**

- ***Trofeo*** para @s gañadoras/es de cada unha das categorías Feminina/Masculina ***SUB10-SUB12-SUB14-SUB16***
- ***Medalla de Prata*** para @ Segund@ clasificad@ de cada categoría.
- ***Medalla de Bronce*** para @ Terceir@ clasificad@ de cada categoría.

❖ **LIGA CAIXA RURAL DE MENORES:**

❖ **CLASIFICACIÓN FINAL INDIVIDUAL POR CATEGORÍAS Fem. / Mas.**

- ❖ ***SUB10-SUB12-SUB14-SUB16***
- ❖ Deberase Puntuar en 5 das 6 probas.
- ❖ Poderase descartar 1 proba non asistindo ou automaticamente se eliminara o peor resultado.
- ❖ ***Trofeo*** para os 3 primeiros clasificad@s finais de cada unha das categorías.

**CLASIFICACIÓN INDIVIDUALS ABSOLUTAS
XX CIRCUITO LARSA CCNÓS 2020**

- Este circuito será puntuable en cada carreira en función da clasificación por categorías.
- Para entrar na clasificación final deberá de participar polo menos en 5 das 6 probas que compoñen o circuito para poder optar os premios finais para os/as tres primeiros/as de cada categoría.
- A puntuación alcanzada irá en función do posto categoría acadado en cada unha das probas: 1º-1 pto / 2º - 2 ptos / 3º - 3 ptos..... de xeito que a puntuación canto menor sexa significará mellor posición na clasificación individual.
- Se o/a atleta finaliza todas as probas descartará automaticamente o peor posto puntuando cos seus mellores cinco resultados acadados.
 - Trofeo para as 3 primeiras Clasificadas de cada Categoría Absoluta.
 - Trofeo para os 3 primeiros Clasificados de cada Categoría Absoluta.

**LIGA LARSA CATEGORIAS ABSOLUTAS
(en función do posto sexo acadado en cada unha das probas):**

- CLASIFICACIÓN FINAL XERAL INDIVIDUAL FEMININA
 - Trofeo para as 3 primeiras Clasificadas Absolutas.
- CLASIFICACIÓN FINAL XERAL INDIVIDUAL MASCULINA
 - Trofeo para os 3 primeiros Clasificados Absolutos.

❖ **CLASIFICACIÓN FINAL ABSOLUTA CIRCUÍTO LARSA CORRE CON NÓS 2020:**

- Clasificación **FINAL COMPENSADA** do circuito absoluto.
- En cada carreira publicarase unha **clasificación por xénero compensada** en función da idade e distancia da proba..
 - Sumando os cinco mellores postos de cada atleta publicarase unha clasificación do circuito compensada, aplicándose o mesmo criterio de desempate que na clasificación absoluta.
 - *Trofeo para os 3 primeiros/as.*

**CLASIFICACIÓN GRUPAIS
XX CIRCUÍTO LARSA CCNÓS**

❖ **CLASIFICACIÓN XERAL “COCA COLA “ POR EQUIPOS ABSOLUTOS**



SIENTE EL SABOR™

- Habará Clasificación por Equipos nas diferentes categorías:
 - **XERAL EQUIPOS MASCULINOS** : puntúan **6 homes**
 - **XERAL EQUIPOS FEMININOS** : puntúan **6 mulleres**
 - **XERAL EQUIPOS MIXTOS** : puntúan **3 Homes + 3 Mulleres**
 - O formar parte dun equipo Masculino ou Feminino descarta o/a atleta para formar parte dun Mixto e viceversa.
 - Para puntuar en cada carreira deberán de facelo cun mínimo de **atletas tal como se define**.
 - O equipo deberá de puntuar nas 6 carreiras do circuito.
 - A través da plataforma de Championchip: EQUIPOS CCNOS 2018
 - O/A atleta debera de seguir os pasos da plataforma para darse de alta nun equipo sempre habéndose dado de alta previamente como atleta en Championchipnorte.com.
- ❖ O prazo para a configuración dos equipos remata o **Martes 11 de FEBREIRO de 2020**, o equipo que figure ese día na conta do atleta é o que pasará a formar parte durante todo o circuito sen posibilidade de cambios nin rectificacións pois a plataforma non o permitirá.
- ❖ As/os atletas na súa inscrición deberán de reflexar o mesmo nome de equipo para que se faga efectivo na clasificación.
- ❖ As atletas femininas puntúan por postos dentro da xeral feminina e os atletas masculinos o mesmo na xeral masculina.

O/A ATLETA QUE NON PORTE DORSAL OFICIAL OU O TEÑA MANIPULADO NA SÚA ENTRADA Á META, poderá ser desqualificado e eliminado da clasificación por equipos, polo que pasaría a puntuar o seguinte compoñente que entre en meta.

- ❖ *Trofeo para os 3 primeiros Equipos Clasificados de cada Categoría*

❖ **LIGA ESCOLAR “INTERSPORT” (colexios do municipio de Lugo)**



▪ **CLASIFICACIÓN PARTICIPATIVA FINAL POR COLEXIOS .**

- O/A atleta menor elixirá na súa inscrición ó colexio no que actualmente cursa estudos.
- Trátase dunha clasificación basicamente PARTICIPATIVA.
- Cada atleta sumará un punto para o seu colexio con cada participación.

❖ *Trofeo para os 3 Primeiros Colexios clasificados*

❖ **CLASIFICACIÓN FAMILIAR “C.C. AS TERMAS”**



- Para participar na clasificación por familias os atletas deberán indicar na inscrición o nome da familia e o dni e nome completo da persoa que actúe como capitán ou cabeza de familia. Este último deberá estar tamén inscrito ó circuito e deberá haber unha relación familiar de primeiro grao con el (fillos, pais e irmáns en tódolos casos tanto naturais como políticos ademais conxugues).
- Cada familia puntuará cos tres mellores resultados por categoría en cada carreira, obtendo tantos puntos como suma deses tres mellores postos acadados en cada categoría. En caso de non finalizar un mínimo de tres participantes o resultado descartarase para o cálculo do global.
- Para calcular a a puntuación global sumaranse as cinco mellores puntuacións obtidas pola familia ó longo do circuito.
- En caso de empate favorecerase á familia que mais participacións individuais sume e, en caso de persistir, a que mais quilómetros recorreda.
- Trofeo para as 3 mellores familias clasificadas o final do circuito.

RESULTADOS DE CADA PROBA

- Páxina Web www.correconnos.es
- **App Corre con Nós** (Play Store para Android / App Store para IOS)
- Aparecerán o mesmo día da proba na páxina www.championchipnorte.com , e posteriormente publicaranse as clasificacións xerais e por categorías no diario local El Progreso.

GALA FINAL ENTREGA DE TROFEOS



- O **domingo 14 de Xuño** coincidindo coa proba final do circuío e unha vez rematada a mesma, os primeir@s clasificado@s das diferentes categorías terán unha Gala Final de entrega de Trofeos que terá lugar nas instalacións do noso colaborador **FORUS Lugo**.
- Do desenvolvemento da mesma iremos informando puntualmente.

PREMIO INTERSPORT Á PARTICIPACIÓN NO CIRCUÍTO 2020

- Tod@s @s atletas que **finalizaran 5 ou 6 probas** do circuío Larsa Corre con Nós 2020 terán como premio a súa participación un vale en material deportivo canxeable en **INTERSPORT LUGO** a recoller previa identificación d@ atleta .
- Manteremos informad@s os/as atletas do procedemento chegado o momento.

OBSERVACIÓNS FINAIS

- **O FEITO DE INSCRIBIRSE NESTE CIRCUÍTO IMPLICA A ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO e declara recoñecer e aceptar que a Organización poderá facer uso das imaxes das probas con fins puramente informativos e promocionais do evento.**
- Todos os participantes, estarán cubertos por un seguro da proba
- De acordo co que establece a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Decembro, da protección de datos de carácter persoal, o participante poderá exercer o seu dereito de acceso a estes ficheiros co obxecto de rectificar ou cancelar de forma parcial ou total o seu contido. Para exercitar este dereito deberá solicitalo nas direccións indicadas na ficha de inscrición.
- Os organizadores e colaboradores das probas non se farán responsables dos danos morais, materiais ou persoais que así mesmos e a outras persoas ocasionen ós participantes das carreiras.
- Dado o carácter estritamente deportivo e popular destas probas, non se admitirán reclamacións sobre os resultados das carreiras. A participación leva implícita a aceptación do Regulamento do circuito CCNOS.
- A partir da segunda proba poderán inscribirse todos/as os novos/as atletas que queiran segundo as condicións anteriormente expostas no regulamento, e sempre e cando haxa dispoñibilidade de dorsais e chips